

# 2024

## REGULAMENTO XERAL CAMPIONATO DE GALICIA DE ESCUDERIAS 2024



FEDERACIÓN GALEGA DE  
AUTOMOBILISMO

**CAMPIONATO DE GALICIA DE ESCUDERÍAS.****ARTIGO 1**

- 1.1.- A Federación Galega de Automobilismo establece para a tempada do 2024 unha Copa de Galicia para Escuderías en rallyes.
- 1.2.- Copa de Galicia para Escuderías para RallyMix.
- 1.3.- Copa de Galicia para Escuderías en Montaña.
- 1.4.- Copa de Galicia para Escuderías en Rallysprint.
- 1.5.- Copa de Galicia para Escuderías para Autocross-Rallycross.
- 1.6.- Copa de Galicia para Escuderías para Karting.
- 1.7.- Copa de Galicia para Escuderías para Sláalom.

**Artigo 2.** Estas Copas de Galicia rexeranse polas normas do Campionato de Galicia de Rallyes para o 2024.

**Artigo 3.** As probas puntuables serán as mesmas que ás dos Campionatos correspondentes ás modalidades para o 2024.

**Artigo 4.- PUNTUACIÓNS.** RALLYES ASFALTO, RALLYMIX, MONTAÑA, RALLYSPRINT, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING e SLALOM:

A distribución dos puntos farase da seguinte maneira: en cada proba escolleranse os mellores resultados da Xeral e das agrupacións, puntuando:

**X E R A L**

1º	2º	3	4º	5º
10	8	6	4	2

**AGRUPACIÓNS**

1º	2º	3	4º	5º
7	6	5	4	3

Os puntos obtidos e sumados en cada proba será o resultado da suma dos puntos da xeral e das agrupacións. A clasificación final do Campionato de Galicia de Escuderías será establecida entre aquelas que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha. Para a clasificación final do Campionato de Galicia de Escuderías, reteranse e sumaranse tódolos resultados das probas celebradas.

**Artigo 5.-** Ningunha Escudería poderá optar ás clasificacións dos Campionatos e Copas de Galicia, se non están en posesión da correspondente licenza de concursante colectivo para a tempada do 2024, (ANEXO I). O participante que se inscriba e participe cunha escudería poderá cambiar de concursante colectivo, durante a tempada, coa salvedade de ter que estar en posesión da correspondente copia de concursante colectivo ó seu nome.

**Artigo 6.- PREMIOS.****CAMPIONATO DE GALICIA DE ESCUDERÍAS.**

- Campiona Trofeo de Bronce F.G.A. (Rallyes Asfalto).
- Campiona Trofeo de Bronce F.G.A. (RallyMix).
- Campiona Trofeo de Bronce F.G.A. (Montaña).
- Campiona Trofeo de Bronce F.G.A. (Autocross-rallycross).
- Campiona Trofeo de Bronce F.G.A. (Karting).
- Campiona Trofeo de Bronce F.G.A. (Sláalom).